



Concello de
Vilagarcía de Arousa
Alcaldía

Praza Ravela, 1
36600 Vilagarcía de Arousa
T 986 565 820 · F 986 511 012
CIF: P/3606000 B
alcaldia@vilagarcia.es · www.vilagarcia.es

RESOLUCIÓN DE LA ALCALDIA

Sr. Alcalde Presidente

D. Alberto Varela Paz

Visto o expediente incoado para a contratación mediante procedemento aberto simplificado e tramitación ordinaria, a través da Plataforma de Contratos do Sector Público para adxudicar o contrato mixto para a prestación do “SUBMINISTRO (MEDIANTE ALUQUER) DE ELEMENTOS LUMINOSOS ORNAMENTAIS E CADROS ELECTRICOS, A MONTAXE, MANTEMENTO E DESMONTAXE DOS MESMOS PARA AS FESTAS DE NADAL 2018/2019 E FESTAS DE SANTA RITA E SAN ROQUE 2019, ASÍ COMO A DISTRIBUCIÓN EN BAIXA TENSIÓN E CONEXIONADO E DESCONEXIONADO DAS ORQUESTRAS, ATRACCIÓNS, POSTOS, BARRACAS DE FEIRA E CARAVANAS DE FEIRANTES DAS FESTAS DE SANTA RITA E SAN ROQUE 2019”.

O prego de cláusulas administrativas correspondente foi elaborado de conformidade co establecido na Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, polo que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 214/23/UE e 214/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, sendo emitidos informes pola Secretaría Xeral, de data 18 de outubro de 2018 e pola Interventora Municipal de data 22 de outubro de 2018.

Tendo en conta, que o expediente de contratación foi completado e, de acordo cos artigos 117.1 e 122 da Lei 9/2017 e o disposto polo artigo 21 da Lei 7/1985 de Bases do Réxime Local,

RESOLVO

1. Aprobar o expediente de contratación, mediante procedemento aberto simplificado previsto no art. 159 da LCSP e tramitación ordinaria, do contrato mixto para a prestación do “Subministro (mediante aluguer) de elementos luminosos ornamentais e cadros eléctricos, a montaxe, mantemento e desmontaxe dos mesmo para as Festas de Nadal 2018/2019 e Festas de Santa Rita e San Roque 2019, así como a distribución en baixa tensión e conexiónado e desconexiónado das orquestras, atraccións, postos, barracas de feira e caravanas de feirantes das Festas de Santa Rita e San Roque 2019”, que se licitará mediante os servizos de licitación electrónica da Plataforma de Contratación do Sector Público.
2. Aprobar o prego de cláusulas administrativas particulares, prescricións técnicas e os seus anexos, que rexerán as relacións entre as partes do contrato.
3. Autorizar o gasto por un importe de 31.764,71 € (trinta e un mil setecentos sesenta e catro euros con setenta e un céntimos), con cargo o aplicación orzamentaria 338-22699 do vixente orzamento municipal de 2018, e por importe de 48.235,29 € (corenta e oito mil douscentos trinta e cinco euros con vinte e nove céntimos) con cargo ao orzamento 2019.
- 4.- Dispoñer da apertura do procedemento de adxudicación, mediante procedemento aberto simplificado, a través dos servizos de licitación da Plataforma de Contratos do Sector Público.

Así o manda e asina o Sr. Alcalde á data da sinatura electrónica.

